

## PROGRAMACIÓN DE AULA PARA 1ºBACH. (3ª AVALIACIÓN)

### I. TRABALLO E ACTITUDE NA AULA

(Suporá a suma de até 3 ptos ou a perda de até 2 ptos sobre a nota obtida na Avaliación)

#### 1. BLOQUE 1: CONTIDOS COMÚNS

- Análise e comentario de textos. Elaboración de textos argumentativos e artigos
- Actitude soliolingüística.
- Desenvolvemento das Competencias Básicas.

#### 2. BLOQUE 2: LINGUA E TEXTO

- Tipos de textos. Textos descritivos e narrativos.
- Morfoloxía. Tipos de palabras e análise morfolóxica.

#### 3. BLOQUE 3: A SOCIOLINGÜÍSTICA e Hª da LINGUA

- A situación da lingua no século XIX.
- O nacemento do Galeguismo.

#### 4. BLOQUE 4: LITERATURA

- A Literatura do século XIX. Precusores e Rexurdimento.
- Rosalía de Castro. Curros Enríquez. Eduardo Pondal.

(Libro de Apoio: **Lingua e Literatura Bacharelato 1. Consorcio Editorial Galego**)

### II. TRABALLO DE INVESTIGACIÓN SOBRE A HISTORIA DA LINGUA (PTIC)

(Suporá o 20% da nota global do trimestre, até 2 puntos sobre 10)

**TÍTULO: *A situación da lingua galega no séc. XIX en Rianxo. O nacemento do Galeguismo. O Provincialismo, o Rexionalismo e a defensa da lingua e da identidade galega. / Historia da Literatura.***

1. Elaboración dun tema (máximo 60 liñas) partindo dos resumos feitos do libro de apoio, de fotocopias e páxinas web indicadas polo docente.
2. Realización dun traballo mediante o uso das TICs que ilustre os contidos recollidos no tema escrito.
3. Exposición oral do tema na aula co apoio instrumental das TICs.

**DATAS:**

**Entrega: 1 de Maio.**

**Exposición: primeira-segunda semana de Maio.**

### III. LECTURAS (PL)

(Suporá o 10% da nota global do trimestre, até 1 punto sobre 10)

**Lectura na aula: *Antoloxía literaria (Rexurdimento)*.**

**Lectura fóra da aula: *Hora zulu*. Santiago Lopo. Ed. Galaxia (**Finalizada: 1 de Maio**)**

**Outras Lecturas:** Realizadas as lecturas obrigatorias, o alumno/a escollerá libre e voluntariamente outra/as da listaxe que figura nesta programación. Dará conta delas a través de entrevistas persoais ou de informes enviados ao correo-e do profesora. (PL) (PTIC)

(A Avaliación deste labor voluntario realizarase a través da información recibida de xeito oral ou escrito.

**Darase por rematada o día do exame.** Suporá un **incremento de até 0'5 ptos. por lectura** na nota global do trimestre, sempre que no exame o alumno/a tivese acadado polo menos un 4)

### IV. EXAME

(A súa Cualificación suporá o 70% da nota global do trimestre, até 7 puntos sobre 10)

**DATA: Realización: 10 Xuño.**